



EDUCACIÓN  
ARTÍSTICA



CIENCIAS  
NATURAIS




VALORES  
SOCIAIS  
E CÍVICOS

A reciclaxe ten moito que contar

## Obxectivos, oportunidades, ideas e conceptos

- 1.** Identificar diferentes tipos de residuos e a súa correcta separación.
- 2.** Coñecer a importancia da reciclaxe para o medio ambiente.
- 3.** Fomentar a reflexión persoal sobre os nosos hábitos relativos á reciclaxe.
- 4.** Valorar a importancia da colaboración.



A reciclaxe ten moito que contar

### ● Esta actividade é para...

Coñecer os distintos tipos de residuos, aprender a separalos correctamente para a súa reciclaxe e analizar a problemática ambiental derivada de non facelo.

### ● Que necesitamos?

Folios, papel continuo e lapis.



### ● Que imos fazer?

Pedir aos alumnos que fagan de xornalistas de investigación e entrevisten ás súas familias.

Descubrirán cales son os seus hábitos de xeración e reciclaxe de residuos. Uns días antes elaboraremos un cuestionario con preguntas tipo: cantos cubos de lixo ou reciclaxe tedes en casa?, con que frecuencia baixades aos colectores da rúa?, que tipo de residuos son os que más xerades? Despois faremos unha posta en común das respuestas e debateremos as nosas ideas e opinións recolléndoas en catro grandes bloques:

- Separamos adecuadamente os residuos?
- Importancia da separación de envases no fogar
- Que posibles melloras podemos fazer para separar na casa?
- Como podemos difundir a importancia da reciclaxe?

As conclusións quedarán anotadas nun mural que decoraremos e colgaremos na aula.

#### Seguimos?

Podemos elaborar un documento resumen, tipo artigo xornalístico, que levaremos a casa para compartir os resultados coa familia.

A reciclaxe ten moito que contar

### ● Esta actividade é para...


Distinguir os distintos tipos de residuos, coñecer como separalos correctamente para que se reciclen e aprender boas prácticas para reciclar.

### ● Que necesitamos?

Un computador, proxector e pantalla ou lousa dixital. Folios, cartolinhas e pinturas.

### ● Que imos facer?

Ver o curto “**O barco de Lúa**” onde a protagonista emprende unha máxica viaxe. Despois, recolleremos as ideas que xurdan para axudar a reciclar e animar ao resto da cidadanía a facelo.



#### Seguimos?

Con todas estas ideas, en grupos de catro crearemos un slogan para mellorar a reciclaxe e deseñaremos con el uns adhesivos. Logo repartirémoslos entre o resto de compañeiros da escola.